



Concello de Mugardos
(A Coruña)

13/2021. ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO CONCELLO PLENO DE MUGARDOS O DIA 17 DE SETEMBRO DE 2021.

Sendo as nove horas e once minutos do día 17 de setembro do ano dous mil vinte e un, previa convocatoria e citación ó efecto, réunese o Concello Pleno en sesión extraordinaria e primeira convocatoria, celebrándose a mesma de xeito telemático debido a que a situación excepcional que se está a padecer, por mor da crise sanitaria xerada pola expansión do coronavirus COVID-19, dificulta de xeito desproporcionado o normal funcionamento do réxime presencial das sesións plenarias, e ao abeiro do acordo adoptado mediante a Resolución da Alcaldía núm. 2021-0944, de data 13.09.2021; sesión que se leva a cabo baixo a presidencia do alcalde-presidente D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, con asistencia das/dos concelleiras/os Dña. Ana María Varela Bastida, D. José Miguel Mahía Prados, Dña. Begoña Roldós Iglesias, D. Jorge Manuel Kuntz Peiteado, Dña. María del Pilar Díaz Otero, Dña. María Dolores González Lorenzo, Dña. María Irene Toimil Fernández, D. Iván Martínez González, Dña. Marta Ruiz del Ganso, D. Ignacio Fernández Fernández e D. Argemino Varela Filgueiras, e para a que previamente se teñen identificado tódolos integrantes do Pleno da Corporación, atopándose todos eles en territorio español. Non asiste, con excusa, o concelleiro D. José Ángel Martínez Bardanca. Asiste tamén, a distancia, a interventora municipal Dña. Ana María Gómez Peña, que previamente se ten identificado, atopándose tamén en territorio español.


Actúa como secretario accidental - en ausencia do titular - o funcionario D. Diego Seijo Alonso (en virtude do nomeamento efectuado por Resolución do Director Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia de data 13.05.2014, e de acordo coa comunicación efectuada á Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia en data 20.08.2021 ao abeiro do acordo adoptado mediante a Resolución núm. 858/2021, de data 18.08.2021), facéndose constar que tódolos concelleiros/as asistentes atópanse acreditados e perfectamente identificados polo que reúnen os requisitos para poder participar, mediante conexión por medios telemáticos, na presente sesión plenaria.

Aberta a sesión pola Presidencia, éntrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES REALIZADAS OS DÍAS 18.08.2021 (11/2021) E 25.08.2021 (12/2021).

24 s: Polo sr. Alcalde dáse lectura á denominación do presente punto da orde do día e sométese a votación, en primeiro lugar, a acta da sesión realizada o día 18 de agosto de 2021.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á acta da sesión que de seguido se relaciona:

- Acta da sesión extraordinaria realizada o día 18.08.2021 (11/2021).

48 s: Polo sr. Alcalde sométese a votación a acta da sesión realizada o día 25 de agosto de 2021.

E o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á acta da sesión que de seguido se relaciona:

- Acta da sesión ordinaria realizada o día 25.08.2021 (12/2021).

2.- APROBACIÓN DO “PROXECTO SUBSTITUCIÓN DE CUBERTA NO POLIDEPORTIVO DO CRISTO”, INCLUÍDAS NO CONVENIO ENTRE A SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE E O CONCELLO DE MUGARDOS. EXPTE. 958/2021.

1 min 08 s: Polo sr. Alcalde dáse lectura á denominación do presente punto da orde do día, indicando que o asunto xa foi levado á comisión correspondente. A continuación pregunta se algún grupo quere intervir e de seguido dá a palabra a aqueles concelleiros/as que solicitaron intervir neste primeiro turno de intervencións.


- 1º TURNO DE INTERVENCIÓNS

1 min 36 s: O sr. Varela Filgueiras intervéñ para aclarar que na comisión correspondente fixeron unha reserva de voto para o Pleno, pero que hoxe votarán a favor do proxecto aínda que indica que o pavillón polideportivo estase a converter no pozo negro do Concello porque a pesares de tódolos investimentos feitos nel non se ten un pavillón que sexa moi operativo nin funcional dado que presenta carencias, non sendo moi axeitado ao século XXI.

2 min 45 s: Polo sr. Alcalde, e dado que non hai máis intervencións no presente punto da orde do día, sométese o asunto a votación.

Rematadas as intervencións, sométese o asunto a votación, e o Pleno da Corporación, tendo en conta a proposta formulada pola Alcaldía en data 04.08.2021, os informes emitidos pola arquitecta municipal e polo secretario da corporación en data 23.08.2021, obrantes no expediente, así como o ditame da comisión informativa de





Concello de Mugardos
(A Coruña)

urbanismo, rehabilitación e mobilidade realizada en data 02.09.2021, por unanimidade, acorda:

1º.- Aprobar o proxecto das obras de “PROXECTO SUBSTITUCIÓN DE CUBERTA NO POLIDEPORTIVO DO CRISTO”, redactado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos, VICENTE LOURIDO VÁZQUEZ, en data xullo 2021, por importe de 69.993,83 €, IVE incluído.

2º.- Que se proceda a efectuar o reformulo do proxecto de acordo co establecido no artigo 236 da LCSP.

3.- Expediente 176/2021. XUSTIFICACIÓN DO 50% INICIAL DA ACHEGA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA AO CONCELLO DE MUGARDOS PARA A FINANCIACIÓN DO GRUPO DE EMERXENCIAS SUPRAMUNICIPAL (GES). ANUALIDADE 2021.

3 min 08 s: Polo sr. Alcalde dáse lectura á denominación do presente punto da orde do día, indicando que o presente asunto se trata da subvención que se ven facendo tódolos anos e que se trae a este Pleno para non apurar ao máximo os prazos para presentar a xustificación. De seguido, pregunta se algún grupo municipal quere intervir no presente punto da orde do día, e dado que ningún grupo solicita intervir polo sr. Alcalde sométese o asunto a votación.

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, tendo en conta a proposta formulada pola Alcaldía en data 04.08.2021, obrante no expediente, e o ditame da comisión informativa de facenda, persoal e participación cidadá realizada en data 02.09.2021, por unanimidade, acorda:

1º.- Ratificar o acordo adoptado polo Concello Pleno en sesión realizada o 27.11.2018, polo que se manifestou a vontade do Concello de Mugardos de adherirse formal e expresamente a todas e cada unha das cláusulas do Convenio de Colaboración entre a Xunta de Galicia, a FEGAMP e as Deputacións Provinciais, en materia de emerxencias e prevención e defensa conta incendios forestais, para o desenvolvemento dos Grupos de Emerxencias Supramunicipais, segundo texto obrante no expediente, asumindo as obrigas e compromisos derivados da mesma e con suxeición plena a todas elas, establecendo como data efectiva de inicio da actividade o 26.12.2018.

2º.- Asumir as obrigas propios dos beneficiarios da subvención (artigo 14 da Lei Xeral de Subvencións e artigo 11 da Lei de Subvencións de Galicia).

3º.- Asumir a obriga de presentar no seu momento ou cando así se lle requira, a seguinte documentación:





Concello de Mugardos
(A Coruña)

- Memoria da actuación
- Conta xustificativa con certificación de gastos e pagos.
- Declaración doutras axudas obtidas para a mesma finalidade.
- Compromiso de dar difusión pública ao financiamento provincial.
- Autorización á Deputación para obter directamente as certificacións de estar ao corrente coa Tesourería Xeral da Seguridade Social e coa AEAT.

4º.- Facultar ao sr- Alcalde-Presidente, D. Juan Domingo de Deus Fonticoba para a sinatura de cantos documentos sexan precisos para a execución do presente acordo.

4.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 2021-0896.

4 min 18 s: Polo sr. Alcalde dáse conta da resolución número 2021-0896.

O Pleno da Corporación dáse por informado da resolución da alcaldía que de seguido se relaciona:

▪ **Resolución da alcaldía núm. 2021-0896, de 01.09.2021**, sobre delegación de funcións da alcaldía na 1ª tenente de alcalde do 3 ao 6 de setembro de 2021, ambos incluídos.

E non habendo máis asuntos que tratar o Sr. Alcalde deu por rematada a sesión ás nove horas e quince minutos do día ao comezo sinalado, estendéndose a presente acta para constancia do acordado, e que asina o sr. Alcalde e da que eu, como Secretario Xeral Accidental do Pleno Municipal, dou fe; facéndose constar que as intervencións producidas durante a celebración da sesión quedaron recollidas nun documento (video-acta) que forma parte da acta, no que á transcripción das intervencións se refire, e que se atopa custodiado no sistema informático do Concello de Mugardos, puidendo accederse ao mesmo a través da seguinte dirección de internet:

<https://actasesionesdigital.smartis.es/mugardos/visor.aspx?id=32>

Correspondendo ao seu contido o seguinte código de integridade (SHA-256):
67478b39f2deba6d604b5f4950b73cbd60639667a31163f82f3a7a5710763930

Vº e praxe
O ALCALDE

